

PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA ESCOLARES

CURSO 2025-26

ÁRTIKA - BEIRAMAR 113 - VIGO
 beatriz@artikavigo.com
 Tlf: 644 22 09 67



A LIBRARÍA MÁXICA
 Inventi Teatro

Atención donas e cabaleiros, chega á súa vila a librería máxica. Nela, dous simpáticos libeiros, interpretados por Bea Campos e Marcos Alonso, ofreceranlle o libro perfecto grazas á súa capacidade de atopar o conto necesario para cada persoa e ocasión!

A librería máxica é unha divertida peza teatral que rinde homenaxe ao pequeno comercio, as tendas de barrio, e que achega aos nenos e nenas o amor pola literatura e a lingua galega.

PÚBLICO:
1º e 2º DE PRIMARIA

DURACIÓN:
55 MINUTOS

GALEGO

DISPONÍBLE:
NOVEMBRO E DECEMBRO



O LIBRO DA SELVA
 Ártika Cía.

Nun mundo urbano que se converte nunha nova selva, Mowgli é unha nena criada entre animais que teñen moito que dicir sobre o mundo actual. Punkies, rapeiros e heavies substitúen aos lobos, monos e voitres do conto orixinal, nunha viaxe chea de ritmo, humor e aprendizaxes.

Acompañada por Baloo, Bagheera ou Kaa, Mowgli deberá enfrontarse á ameaza de Shere Khan e descubrir quen é realmente entre luces de cidade, música e moita acción. O Libro da Selva: O Musical é unha adaptación contemporánea do clásico de Kipling, con cancións orixinais en galego, que nos convida a reflexionar sobre a amizade, a identidade, a convivencia e o respecto á natureza... mesmo cando a natureza é de asfalto.

PÚBLICO:
TODA PRIMARIA

DURACIÓN:
55 MINUTOS

GALEGO

DISPONÍBLE:
FEBREIRO E ABRIL



A ILLA DA DESLEMBRANZA
 Ártika Cía

Un traballo creado a base de metáforas e gran forza visual, que achegará aos máis cativos un tema tan duro como é o alzheimer pero dun xeito fermoso e suxestivo.

Unha obra dirixida principalmente a un público infantil pero tamén aos maiores que entenderán a enfermidade dende o punto de vista dos nenos e nenas.

PÚBLICO:
TODA PRIMARIA

DURACIÓN:
50 MINUTOS

GALEGO

DISPONÍBLE:
MAIO

O prezo das funcións na sala será de 5€ por alumno.
 Ao longo do curso pode xurdir a posibilidade de incluír na programación outros espectáculos. Enviáremosvos a información.